Número de expediente:2021/CIRCULARPER/000009

RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA POLA QUE SE APROBAN AS INSTRUCIÓNS RELATIVAS ÁS INDEMNIZACIÓN POR ASISTENCIAS, AXUDAS DE CUSTO E GASTOS DE DESPRAZAMENTO A FAVOR DOS MEMBROS DOS TRIBUNAIS CUALIFICADORES DOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS POLO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Considerando a necesidade de establecer criterios uniformes para as actuacións que se producen no desenvolvemento dos procesos selectivos procede aprobar unhas Instrucións relativas ás indemnización por asistencias, axudas de custo e gastos de desprazamento a favor dos membros dos tribunais cualificadores dos procesos selectivos convocados polo Concello de Pontevedra, coa finalidade de acadar, por unha banda, unha unidade de actuación entre os diferentes tribunais cualificadores dos procesos selectivos convocados por este Concello na liquidación das indemnizacións por asistencias e, nos casos que así proceda, axudas de custo e gastos de desprazamento e, por outra, para garantir o cumprimento da normativa aplicable nesta materia a hora de proceder a realizar esta liquidación por parte dos tribunais.

Consta no expediente a proposta de resolución do director xeral de recursos humanos coa conformidade da Secretaría da Administración Municipal.

En consecuencia, esta concellería delegada do Servizo de Persoal e Cultura, no exercicio das súas atribucións delegadas en virtude de Decreto da alcaldía de data 15/06/2019,

RESOLVE

Primeiro.- Aprobar as seguintes Instrucións relativas ás indemnización por asistencias, axudas de custo e gastos de desprazamento a favor dos membros dos tribunais cualificadores dos procesos selectivos convocados polo Concello de Pontevedra:

“INSTRUCIÓNS RELATIVAS ÁS INDEMNIZACIÓN POR ASISTENCIAS, AXUDAS DE CUSTO E GASTOS DE DESPRAZAMENTO A FAVOR DOS MEMBROS DOS TRIBUNAIS CUALIFICADORES DOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS POLO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Os membros dos tribunais cualificadores dos procesos selectivos convocados por este Concello de Pontevedra terán dereito a percibir indemnizacións por asistencias e, nos casos que así proceda, axudas de custo e gastos de desprazamento.

Para o cálculo e determinación do dereito a percepción das indemnizacións a favor dos membros dos tribunais cualificadores estarase o disposto no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo (en adiante RD 462/2002) así como nas presentes instrucións.

1.- Indemnizacións por asistencia a tribunais

Constitúe asistencia a indemnización regulamentaria que proceda aboar por participación nos tribunais de oposicións e concursos encargados da selección de persoal.

Para a determinación das indemnización por asistencias estarase ao disposto nos artigos 27 e seguintes do RD 462/2002 e nas presentes instrucións.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:7PTRJ6CI56N5OFXK

Consonte o anexo IV do devandito RD 462/2002, as contías a percibir por asistencia serán as seguintes:

	CATEGORÍA PRIMERA (SG: A1)	CATEGORÍA SEGUNDA (SG: A2,C1)	CATEGORÍA TERCEIRA (SG:C2,AP)
PRESIDENTE E SECRETARIO	45,89	42,83	39,78
VOGAIS	42,83	39,78	36,72

O persoal designado en calidade de persoal auxiliar ou asesor/a dos tribunais cobrarán as indemnización nas mesmas contías que os vogais polas sesións nas que participen, agás no caso de persoal asesor que non teña a condición de empregado/a público e se lle contrate mediante un contrato de servizos de asistencia ou asesoramento, en cuxo caso estarase ao disposto no correspondente contrato de servizos.

De acordo co artigo 32 do RD 462/2002 non se poderán percibir polas asistencias un importe superior ao 20% das retribucións anuais, excluídas as de carácter persoal derivadas da antigüidade que correspondan ao posto de traballo principal, calquera que sexa o número de tribunais nos que participe.

Para estes efectos, deberá recabarse a información necesaria en relación cos membros do tribunal alleos ao Concello, que deberán solicitar a respectiva información retributiva da súa propia Administración.

Así mesmo, respecto do persoal alleo ao Concello que forme parte do tribunal deberá solicitarse a información necesaria relativa á retención a efectuar en concepto de IRPF.

Estas indemnizacións aboaranse por cada sesión ou reunión do tribunal, devengándose unha única asistencia no suposto no que se celebre mais dunha sesión no mesmo día.

2. Axudas de custo e gastos de desprazamento

Consonte o artigo 3 do RD 462/2002, soamente procederá aboar este tipo de indemnizacións de axudas de custo (manutención) e/ou gastos de desprazamento ao persoal membro do tribunal (ou, no seu caso, persoal asesor) alleo ao Concello cuxo centro de traballo estea nun termo municipal distinto ao Concello de Pontevedra.

En consecuencia non procederá aboar estas axudas ao persoal do Concello nin ao persoal alleo cuxo centro de traballo estea no mesmo termo municipal que o Concello de Pontevedra.

Non obstante o anterior, si devengaranse estas indemnizacións cando por razóns organizativas a sesión do tribunal teña lugar nun termo municipal distinto do Concello de Pontevedra, correspondendo neste caso o seu aboamento a todos os membros do tribunal que se despracen para o desenvolvemento desta sesión.

As contías a ter en conta para o cálculo destas indemnizacións son as seguintes:

- Axudas de custo: manutención (anexo II do RD 462/2002, modificado por Resolución da Secretaría de Estado, de 2 de decembro de 2005):

GRUPO DO EMPREGADO/A MUNICIPAL	MANUTENCIÓN
1 (PER. DIRECTIVO)	53,34
A1, A2	37,40

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:7PTRJ6CI56N5OFXK

C1, C2, AP	28,21

- Gastos de desprazamento:

MEDIO TRANSPORTE	IMPORTE
LINEA REGULAR	IMPORTE BILLETE
VEHÍCULO PARTICULAR	0,19€ X KM
MOTOCICLETA PARTICULAR	0,078€ X KM
PEAXE	Importe dos xustificantes ou tic

3.- Tramitación do expediente de liquidación para o aboamento das indemnizacións por asistencias, axudas de custo ou desprazamento a favor dos membros dos tribunais cualificadores.

Para estes efectos, no caso de participar como membro dos tribunais persoal empregado público alleo ao Concello deberá requirírselle a seguinte documentación: Fotocopia do NIF; dirección completa do interesado para a remisión posterior do certificado anual de IRPF; os datos bancarios para efectuar a transferencia que corresponda e, no seu caso, os documentos acreditativos dos desprazamentos que fosen necesarios para acudir as reunións do tribunal.

O Secretario/a do Tribunal ao remate de cada oposición tramitará o correspondente expediente de liquidación das axudas devengadas que deberá remitir á Intervención Xeral Municipal xunto cun informe no que conste unha relación das sesións celebradas, os membros asistentes e a súa condición (presidente, secretario, vogal ou, no seu caso, persoal auxiliar ou asesor/a) e unha proposta de resolución na que se proceda a liquidar as contías a aboar en concepto de indemnizacións, o recoñecemento do dereito dos interesados a percepción das ditas contías e se ordene o aboamento das contías que procedan, asinada polo Director Xeral de Recursos Humanos, para a súa fiscalización e retención do oportuno crédito.

Recórdase que na tramitación deste expediente deberanse dar cumprimento aos requisitos formais establecidos nas bases de execución do orzamento para o ano 2021 (resumidos na circular 1/2021 do Servizo de Intervención e do OXOC emitida aos servizos con data 19/02/2021) como son a obriga de incorporar ao expediente unha proposta de resolución na que consten as indemnizacións individuais a aboar xunto co cálculo do importe total, así como o nome, apelidos e NIF dos beneficiarios dos pagos das indemnizacións que correspondan. Na resolución de aboamento que se dite logo dos informes do OXOC e da Intervención Xeral municipal, deberase facer constar, así mesmo, a aplicación orzamentaria e operación contable con cargo a cal se vai a efectuar o gasto e de forma expresa no resolve as tres fases do gasto: liquidación das indemnizacións a aboar, recoñecemento do dereito a súa percepción polos membros do tribunal e a orde de aboamento das contías correspondentes."

Segundo.- As presentes Instrucións entrarán en vigor a partir da data da sinatura da presente resolución.

Terceiro.- Publicar as presentes instrucións na sede electrónica do Concello de Pontevedra, dentro do apartado de Transparencia para xeral coñecemento. Así mesmo, debe poñerse en coñecemento dos secretarios/as dos tribunais dos diferentes procesos selectivos.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura
Da fe, o Secretario da Administración Municipal

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:7PTRJ6CI56N5OFXK

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO
Servizo: SECRETARIA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Cargo: SECRETARIO
Data: 28/07/2021

Asinado por: MARÍA DO CARME FOUCES DIAZ
Servizo: ALCALDÍA
Cargo: CONCELLEIRA
Data: 27/07/2021
RESOLUCION: 2021003535
Este documento foi asinado electronicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:7PTRJ6CI56N5OFXK